

Xoves, 15 de setembro de 2022

Núm. 177

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****NEVES, AS****Outros documentos, notificacións e informacións públicas*****APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA
CONTRA INCENDIOS FORESTAIS******ANUNCIO******APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS
FORESTAIS DO CONCELLO AS NEVES (EXPEDIENTE 1219/2021)***

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 6 de setembro de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Expediente 1219/2021. Aprobación definitiva, se procede, do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra incendios forestais do Concello As Neves

Primeiro.- Estimar parcialmente a alegación presentada en período de exposición pública do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello As Neves por dona María Dolores Groba Méndez, estimando a parte (punto 2 da súa alegación) na que solicitaba que se modificase a liña que establece o linde de zona urbanizable, que afecta ás parcelas con referencia catastral 36034A03100059 e 36034A03100965, e rexeitando a actualización solicitada da cartografía catastral (punto 1) ao considerar que o Catastro está permanentemente en revisión, polo que trascende ó animo do plan de incendios municipal que nace co ánimo de permanencia no tempo, independentemente de que os erros do catastro se vaian corrixindo pola Dirección Xeral do Catastro cando proceda.

Segundo.- Prestar aprobación definitiva ao Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de As Neves, redactado por SEAGA, que consta no Expediente Gestiona 1219/2021.

Terceiro.- Proceder á publicación do presente acordo no BOPPO, sen prexuízo da publicación íntegra do Plan no taboleiro de anuncios do Concello e portal de transparencia situados na sede electrónica do Concello de As Neves (<https://concelloasneves.sedelectronica.gal>), aos efectos do seu coñecemento xeral, en cumprimento do artigo 131 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral da Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural para incorporación ao visor e aos efectos que procedan.

As Neves, na data da súa sinatura electrónica

O Alcalde-Presidente,

Xosé Manuel Rodríguez Méndez

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: XG71X78T8OM03RQW

